

## **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA 2017 IES SAN PAIO**

O obxectivo deste Concurso é atopar aspectos matemáticos na vida real.

### **BASES:**

- 1. Este Concurso está aberto a todo o alumnado do IES San Paio de Tui.**
- 2. Nas fotografías non poderán aparecer persoas, matrículas de coches, etc. así como tampouco a súa data de realización.**
- 3. Poderanse reflectir polígonos, círculos, curvas variadas, liñas paralelas, secantes, ángulos, transformacións xeométricas, corpos xeométricos, gráficos estatísticos, expresións numéricas ... obtidas da Natureza, a Arquitectura, a Escultura, o Deseño Gráfico, a Artesanía, etc. As fotografías poderán estar editadas.**
- 4. Poderanse entregar até 3 fotos por concursante, que se enviarán ao correo electrónico [matesanpaio@gmail.com](mailto:matesanpaio@gmail.com). No correo se especificará o pseudónimo do artista, así como o título da foto e o lugar onde foron tiradas. O título da foto debe dar nome ao arquivo.**
- 5. Valorarase o contido matemático, a calidade técnica e artística, a adecuación do título así como a creatividade amosada.**
- 6. Admitiranse as fotografías recibidas até o 9 de xuño de 2017. Considerase nula a participación daqueles que entreguen fotos non tiradas por eles mesmos (baixadas de internet...).**
- 7. Os Departamentos de Matemáticas e de Plástica actuarán como xurado.**
- 8. Concederanse dous premios (tablets de 7" ou similares), podendo ser declarados desertos a criterio do xurado ou se non hai un número suficiente de participantes.**
- 9. As fotografías participantes ou unha selección delas serán mostradas en exposición fotográfica no Instituto, quedando a disposición do Centro.**